

UNHA PRODUTIVIDADE XUSTA

A DGP amosa a súa cara máis intransixente. Na última reunión do grupo de traballo, a administración deixou clara a súa postura: un modelo de "lentellas" onde ou aceptas as súas propostas ou non hai nada que facer. Desde este sindicato temolo claro: non imos dar a nosa aprobación a que se siga ninguneando á clase traballadora galega.

Mentres a DGP se limita a propor parches —como a compatibilidade entre produtividades ou manter o prezo ridículo das horas pola tarde—, nós esiximos unha **negociación integral dun novo acordo** baseado nos seguintes eixes:

1. Adecuación á legalidade vixente:

O acordo actual é un anacronismo. Non se axusta aos requisitos que a lexislación actual esixe para o concepto de produtividade.

2. Máis orzamento e repartición xusta

Esiximos un aumento real do crédito destinado á produtividade. Non abonda con mover cartos dun peto a outro. Ademais de pedir que o montante total de produtividade se actualice, o **80% do total debe destinarse á produtividade variable**, premiando o esforzo real e non o simple presentismo.

3. Conciliación: Traballar mellor, non traballar máis

A produtividade debe incentivar que o persoal realice o seu labor con excelencia no **horario de mañá**. Rexeitamos frontalmente que, para acceder a este complemento, se nos obrigue indirectamente a renunciar á vida familiar traballando sábados ou en xornadas de mañá e tarde. O que pedimos xa é unha realidade noutros organismos; non somos traballadoras de segunda.

4. Un prezo digno polas nosas horas

Manter **12 euros/hora** fóra da xornada ordinaria é un insulto e unha falta de respecto á profesionalidade do cadro de persoal. Reclamamos un importe mínimo de **18 euros/hora**.

5. Fin aos criterios de exclusión abusivos

É inxusto que por estar **tres días de baixa por enfermidade** se perda o dereito a percibir a produtividade de todo o mes. Estar enferma ou enfermo non pode ser motivo de castigo económico. Urxe modificar estes criterios de exclusión que só buscan penalizar a saúde das persoas traballadoras.

A postura da administración:

A DGP teima en ratificar os 12 euros e ampliar o horario de tarde ata as 20:00 h. Din que "non ven viable" nada que se saia do seu guión, pero volven pedirnos unha proposta aínda nos convoca para outra reunión.

Desde este sindicato non imos claudicar. Presentaremos unha nova proposta que recolla estas demandas de clase e de país, porque a produtividade non pode ser un instrumento de submisión, senón un dereito recoñecido e digno.